

FNOTA DE PRENSA

OS SOCIALISTAS APOIAN A INICIATIVA PARA A RECUPERACIÓN DO PROGRAMA PREESCOLAR NA CASA E CONDENAN A SÚA RETIRADA POR MOTIVOS IDEOLÓXICOS

O portavoz de Educación do Grupo Socialista, Vicente Docasar, descarta xustificantes económicas e inclúe esta decisión nos "axustes ideolóxicos" que os Populares están a facer en Sanidade, Educación, Xustiza ou Paradores

Pregúntase polos motivos que levan ao Executivo galego a rexeitar un modelo educativo de referencia, valorado na UE e fora dela

Santiago, 18 de decembro de 2012. O parlamentario socialista, portavoz de Educación, Vicente Docasar, ven de manifestar o apoio dos socialistas galegos á Iniciativa Lexislativa Popular para a recuperación do programa Preescolar na Casa, impulsada por un colectivo que reuniu máis de 20.000 sinaturas.

Docasar salientou a labor que estivo facendo este programa educativo durante máis de 35 anos, contando coa mellora valoración tanto dos usuarios como das institucións que ao longo do tempo teñen colaborado con Preescolar na Casa.

Para o portavoz de Educación socialista, a decisión de deixar de apoiar esta iniciativa educativa se trata de "utilizar a crise para facer un axuste de tipo ideolóxico", como xa están a facer os gobernos apoiados polos populares en materia de Sanidade, Educación, Xustiza, a Dependencia, e mesmo tamén en Paradores, "que diría don Manuel Fraga!", ironizou Docasar aludindo ao fundador do PP e impulsor dos Paradores na súa etapa de ministro.

Para os socialistas Preescolar na Casa supuxo unha experiencia de atención á infancia orixinal, pioneira e vertebradora e cen por cen autóctona. Vicente Docasar lamentou que os responsables de deseñar a política socioeducativa deste país "non entenderan" este modelo educativo, considerado un referente fóra de Galicia e aquí tildado de caduco e obsoleto. "Que estudantes estranxeiros se interesen polo proxecto debiera ser un orgullo", recrimina o portavoz socialista ao Goberno galego. "Se na Unión Europea e fora dela Preescolar na Casa é valorado, que razón hai para que aquí as autoridades non o valoren?, pregunta o parlamentario socialista.

As críticas socialistas incidiron tamén na "confusión de competencias" que existiu entre os departamentos de Traballo e Educación, asunto que a Xuízo de Docasar influíu na decisión para a supresión deste servizo. O parlamentario condenou a incomparecencia da titular de Traballo, Beatriz Mato, durante o debate da iniciativa e instou ao titular de Educación, Jesús Vázquez, a corrixir esta diversificación da política socioeducativa na conformación do novo Executivo.

Sorprende ao deputado socialista “como se prescinde de todo o capital intelectual acumulado ao longo destes anos.

Docasar pediu coherencia ao Grupo Popular, recordando as palabras que Manuela López e José Manuel Barreiro pronunciaron salientando a historia meritoria, de Preescolar na Casa, como proxecto que dera cobertura ás necesidades dos nenos en zonas e datas en que non estaba xeneralizado o ensino infantil e atendeu de xeito especial ás familias convertendo a pais e nais en verdadeiros protagonistas da educación dos seus fillos.

Por se estes argumento foran poucos, o voceiro socialista engadiu que atender a infancia é unha recomendación expresa do Comité de Dereitos do Neno de Nacións Unidas, que esta primeira etapa que cubría o programa é primordial no desenvolvemento dos nenos, que investir en servizos na primeira infancia implica menos gasto futuro para atallar situacións conflitivas no futuro.

Vicente Docasar condenou en nome do Grupo Socialista a perda de oportunidade de rectificar e ter en conta a opinión de miles de galegos. Reprochou ao Goberno galego gabarse de querer defender e apoiar o rural, “pero a meirande parte das medidas que levan a cabo van, xustamente, na dirección contraria”.

Saúdos. Comunicación PSdeG-PSOE